

Seminario Estudos e Reflexións sobre Patrimonio Cultural. José María de Labra (1925-1994)

Venres 11 de abril de 2025

De 16:30 a 20:00 h, no Edificio Castelao

O seminario Estudos e Reflexións sobre Patrimonio Cultural é unha iniciativa do Museo de Pontevedra que se iniciou no ano 2023. A súa primeira edición dedicouse á memoria da profesora Ana Goy Diz, a primeira catedrática de Historia da Arte que tivo a Universidade de Santiago de Compostela no seu campus de Lugo.

Estudos e Reflexións sobre Patrimonio Cultural é un proxecto de carácter transversal e integrador que nace co propósito de abordar a obra de artistas, creadoras e creadores e profesionais vinculados ao ámbito do patrimonio cultural, dedicados ao seu estudo, investigación, xestión e difusión.

O obxectivo é xerar un foro de encontro e debate, un marco de reflexión desde o que abordar diferentes aspectos relacionados con ese patrimonio e legado que sentimos parte dunha memoria colectiva e identidade dunha comunidade que se constrúe socialmente. Un testemuño irrenunciable cuxa protección, coñecemento e estudo requiren necesariamente dun labor activo.

A presente edición do seminario conmemora o centenario do nacemento de José María de Labra, artista coruñés de carácter interdisciplinar e polifacético cuxa obra conseguiu fusionar e integrar pintura, escultura e deseño. De Labra destacou axiña como un magnífico debuxante. Ao longo da súa traxectoria plástica soubo renovarse e evolucionar desde unha tendencia de liña poscubista cara á abstracción xeométrica e o construtivismo, sen deixar nunca de lado a que foi a súa primeira vocación: a arquitectura. Actualmente, está considerado como un dos renovadores da arte abstracta e xeométrica, autor dunha obra que influíu en xeracións posteriores de artistas.

De Labra obtivo numerosos recoñecementos ao longo da súa carreira, coma a medalla de ouro na primeira Bienal Internacional de Arte Sacra de Salsburgo, o Premio Uruguai na II Bienal Hispanoamericana de Barcelona, o Premio Imperio na Coruña ou a pensión de paisaxe da Escola de Belas Artes de Madrid. A súa obra está presente na colección de institucións coma o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, o Museo de Arte Abstracta Español de Cuenca, o Museo de Belas Artes da Coruña e o Museo de Pontevedra.

Estas xornadas pretenden afondar no estudo da súa obra desde diferentes perspectivas. José Manuel García Iglesias, María Isabel García García, Daniel de Labra, José de la Mano e Iñaki Martínez Antelo tratarán de aproximarnos a De Labra tanto desde unha dimensión humana e persoal que permita evocar a súa personalidade coma desde outra, profesional ou artística.

Cremos necesario revisar o seu legado? Por que debemos recuperar determinadas figuras artísticas que quedaron relegadas no esquecemento? Podemos debuxar ou redefinir a súa traxectoria plástica desde unha visión renovada? Como impulsar a súa revalorización, coñecemento e difusión?

PROGRAMA

16:30 h. Presentación do seminario

Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra

16:45 h. Primeira parte:

José Manuel García Iglesias: “José María de Labra, entre a figuración e a abstracción. Dous modos de facer no seu legado artístico”

No ano 1994, José Manuel García Iglesias escribiu o libro *De Labra* por encargo da Presidencia da Xunta de Galicia. Así o conta: “Daquela, este artista vivía en Palma de Mallorca e alá fun, na primavera de 1991, coñecelo persoalmente, pasar uns días ao carón del e para que me facilitase todo o material documental, persoal, que considerase que debía manexar, tendo en conta de que se trataba dunha publicación que el propuxera e estaba decidido a apostar por aquel proxecto que, con toda razón, consideraba seu. Para a realización daquel traballo, De Labra facilitoume, entre outro material, unha selección de obras que consideraba moi representativas da súa evolución artística. É máis, sería el quen, xa nunha última fase da execución do libro, que compartimos en Santiago de Compostela, lles daría forma dentro do libro en cuestión, testemuño dun modo de pensar, de ser, de facer...”.

Nota biográfica: José Manuel García Iglesias (Santiago de Compostela, 1953) licenciouse en 1973 en Historia e Xeografía e, ao ano seguinte, en Historia da Arte. Doutorouse en 1979. En ambas as licenciaturas recibiu o premio extraordinario e, en 1976, o accésit ao Premio Nacional Fin de Carrera de Historia da Arte. A súa tese de doutoramento foi tamén recoñecida co premio extraordinario. É, desde 1974, profesor da Facultade de Xeografía e Historia da USC; a partir de 1986, catedrático de Historia da Arte e, actualmente, profesor emérito. Conta con seis sexenios de investigación. Entre os seus libros cabe destacar *El pintor de Banga* (1983); *La pintura manierista en Galicia* (1986); *Pazos de Galicia* (1989); *A catedral de Santiago e o Barroco* (1990); *Galicia, tiempos de Barroco* (1990); *Galicia, hacia la modernidad* (1998); *Camino de Santiago. Patrimonio mundial* (2004); *Santiagos de Santiago* (2011); *Secretos de catedral* (2013); *Santa Baia de Banga* (2015); *Minerva, la diosa de Compostela* (2016); o *El franciscanismo en Galicia. Ayer y hoy de su patrimonio artístico* (2019), entre outros. Dedicoulles tamén monografías a diferentes artistas representativos da arte galega do século xx: Quessada (1985), Manuel Prego (1989), Alfonso Costa (1990), De Labra (1994), Vidal Abascal (1995) ou Camilo Otero (1999). No ámbito dos proxectos expositivos, estivo á fronte, entre outros, de “Galicia no tempo” (1990-1991), “Gallaecia fulget” (1995-1996), “Galicia, terra única” (1997), Xacobeo 99 e Xacobeo 2004; “A Minerva compostelá. As súas glorias” (2021-2022); e “A Minerva compostelá no pasado” (2022-2023), entre outros.

A partir do ano 2017 desenvolve unha liña de investigación desde a que procura afondar no coñecemento da presenza do xacobeo nas catedrais hispanas. Das sesenta que forman parte deste traballo recolleu material en corenta, entre elas a de Segovia. Publicou, nesta liña de traballo, un libro sobre as cinco galegas: *Galicia. Sus catedrales y Santiago el Mayor* (2021). Tamén, un segundo volume titulado *Por las catedrales de España. Sus catedrales y Santiago el Mayor. Por tierras de Compostela Astorga, Zamora, Salamanca, Ciudad Rodrigo, Ávila, Coria, Plasencia y Badajoz* (2024). Está actualmente ultimando o terceiro volume desta serie, no que se ocupa das catedrais de Oviedo, Santander, Pamplona, Tudela, Calahorra, Santo Domingo de la Calzada e Palencia, que está previsto que se publique en 2025. No ano 2027 completará, cun cuarto libro, a investigación sobre as demais da Comunidade de Castela e León.

Ademais, dirixe os museos virtuais da USC e da Real Sociedade Económica de Amigos do País da Cidade de Santiago.

María Isabel García García: “Signos plásticos para unha obra de arte total”

O longo camiño que percorreu a arte abstracta tras a guerra viuse envolto en numerosos debates dos que o traballo de José María de Labra formou parte, como se analizará. Foi fundamental a súa exposición individual no Ateneo de Madrid en 1955, a partir da cal o arquitecto Miguel Fisac lle auguraba xa grandes logros na súa carreira artística. A partir de entón, as súas composicións afondan nun novo concepto: a obra de arte total. Indagarase neses primeiros signos plásticos a través das vidreiras para edificios relixiosos; os seus proxectos e obxectos para a Sociedade de Estudos para Deseño Industrial (SEDI) e as súas celosías para unha arquitectura moderna.

Nota biográfica: María Isabel García García é profesora titular e acreditada a catedrática do Departamento de Historia da Arte da Facultade de Xeografía e Historia da UCM, e tamén directora do Máster Universitario Cultura Contemporánea: Literatura, Institucións e Comunicación Cultural no Instituto Universitario da Fundación Ortega-Marañón. A súa traxectoria científica está conectada co estudo da arte española das vangardas, os intercambios artísticos entre España, Europa e Estados Unidos ou as relacións entre arte, política e medios de masas. Formou parte de diferentes proxectos e grupos de investigación de diversas disciplinas e é autora de numerosos estudos publicados en monografías, actas de congresos, textos para catálogos de exposición e artigos de revistas especializadas nacionais e internacionais. Entre os seus libros destacan *Tiempo de estrategias. La Asociación de Artistas Plásticos y el arte español comprometido en los setenta* (2016); *Arte de vanguardia. Objeto, cosa y arte-facto (1905-1960)* (2016), ou o da última exposición comisariada *El arte en la lucha por la libertad. Celebrando la Constitución española*, Congreso dos Deputados, 2025.

18:15 h. Pausa

18:35 h. Segunda parte:

Daniel de Labra e José de la Mano: “O legado de José María de Labra”

Neste seminario, Daniel de Labra e José de la Mano —cuxa galería de arte ocupou e ocupa un lugar destacado na recuperación do legado de De Labra, ademais de distinguirse polo seu firme compromiso na recuperación da obra de pintores españois do século xx— convidarannos a unha reflexión sobre o alcance da obra de José María de Labra e a necesidade de recuperar e revalorizar o seu legado.

Notas biográficas: Daniel de Labra Chas naceu en Madrid o 24 de abril de 1956. Comezou a súa formación en debuxo e pintura no taller de seu pai, José María de Labra, e gañou varios premios en concursos de deseño téxtil na década de 1970. Desde 1977 realizou varias exposicións individuais en diferentes cidades de España e en 1980 matriculouse na Facultade de Belas Artes de Madrid. A partir de 1988 dedicouse, fundamentalmente, ao deseño gráfico editorial e traballou para diversas empresas e institucións, incluída Alianza Editorial, o estudio de deseño de Daniel Gil, o Museo Thyssen-Bornemisza, a Fundación Caja Madrid e a Fundación Mapfre, entre outras, ademais de colaborar en publicacións e festivais de música. Entre 2001 e 2005 foi director de arte nas revistas *Scherzo* e *Scherzo Piano*, dedicadas á música clásica. Tamén traballou como autónomo na edición de libros

de arte e edicións especiais para diversas entidades. Na actualidade está felizmente xubilado.

José de la Mano, ademais de galerista, é doutor en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid desde 2009, pola súa tese sobre a vida e obra do pintor Mariano Salvador Maella (1739-1819), dirixida polo profesor Jesús Urrea e publicada pola Fundación de Apoyo al Arte Hispánico. En maio de 2011 comisariou unha exposición na Fundación Botín de Santander, baixo o título “Mariano Salvador Maella (1739-1819). Dibujos de un pintor de cámara en la Ilustración”, con motivo da presentación do catálogo razoado da extensa produción sobre papel deste emblemático artista do noso Século das Luces. De igual modo, foi durante varios anos profesor asociado da Universidade Autónoma de Madrid e desde 2014 académico correspondente pola Real Academia de Belles Arts de Sant Jordi.

Iñaki Martínez Antelo: “Exposición ‘Correspondencias: José María de Labra’”

A exposición “Correspondencias: José María de Labra” acaba de inaugurarse na Obra Social de Abanca en Santiago de Compostela e poderá verse nas súas salas de exposicións ata o mes de setembro. Esta mostra continúa unha liña de traballo que se está a desenvolver desde a Cooperativa Performa coa Colección Abanca e que comezou o ano pasado co artista Tino Grandío. Na exposición exhibense obras de De Labra da Colección Abanca e doutras coleccións públicas e privadas, ademais de debuxos e maquetas de celosías propiedade da familia. Estas obras do autor móstranse en diálogo coas de once artistas que participan no proxecto, algúns con novas creacións realizadas para a exposición e outros con pezas xa existentes. Os artistas participantes son Pablo Barreiro, Robert Ferrer i Martorell, Almudena Fernández Fariña, Gloria García Lorca, Arancha Goyeneche, Hisae Ikenage, Carlos Maciá, Tatiana Medal, Kiko Pérez, Ana Pérez Ventura e Belén Rodríguez.

Nota biográfica: Iñaki Martínez Antelo (Santiago de Compostela, 1969) é licenciado en Historia da Arte Contemporánea pola USC, e completou a súa formación no Instituto de Estética e Teoría das Artes da UAM. Foi director do MARCO de Vigo desde 2005 ata 2017, presidente da Asociación de Directores e Directoras de Museos de Arte Contemporánea de España (ADACE), xurado de numerosos galardóns coma o Premio Nacional de Artes Plásticas ou o Velázquez, entre outros moitos, ademais de formar parte dos comités de compras da Colección DKV, do Premio Cervezas Alhambra e do Museo Es Baluard de Palma de Mallorca. Entre as exposicións máis recentes que comisariou están as de Ángela da Cruz en Casal Solleric, “Lazos mecánicos”, no Artium de Vitoria-Gasteiz; Vasco Araújo na Fundación DIDAC; “Océano mar” en Condeduque en Madrid; Mainer López no Xardín Botánico de Madrid; “Sonidos improbables” e “Mirar el sonido” no Auditorio de Galicia; e “La Ribot” no CGAC. Ademais, desde a Cooperativa Performa codirixe o festival Plataforma en Santiago de Compostela e Santander. Actualmente está a desenvolver o proxecto titulado “Infiltracións” no Museo de Pontevedra, no que convida a artistas a traballar coa colección.

Acceso libre.

Entregaráselles un certificado de asistencia ás persoas que previamente se inscriban en reservas.museo@depo.gal.